

NORMATIVA PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS DOCENTES E PLANIFICACIÓN DA OCUPACIÓN DE ESPAZOS NA FACULTADE DE HISTORIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Xustificación e obxectivos

O artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, establece que é función das Xuntas de Centro a preparación e coordinación, de modo eficaz e adecuado, do horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como a habilitación de medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.

Na súa virtude, esta normativa ten por obxectivo o establecemento dos criterios xerais e o procedemento a seguir para a fixación dos horarios docentes e a planificación de espazos na Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

Ámbito de aplicación

Esta normativa é aplicable á titulación de Grao en Xeografía e Historia.

Na titulación de Máster Universitario (posgrao) impartida na Facultade de Historia, o establecemento de horarios docentes é responsabilidade da comisión académica.

Procedemento de elaboración dos horarios

Para a elaboración dos horarios, seguirase un calendario que garante a publicación dos horarios definitivos no momento da apertura da matrícula. Inclúiranse as seguintes fases:

1. Unha vez dispoñible o POD e o calendario do curso académico, a equipa decanal elaborará unha proposta de horarios, sempre de acordo coas directrices da presente normativa. Esta proposta establecerá datas específicas para a realización de actividades do centro ou departamento que estean incluídas na programación docente.
2. O profesorado poderá suxerir cambios de xeito debidamente xustificado, dirixíndose á equipa decanal dentro do prazo que se estableza, sempre de acordo coas directrices de elaboración dos horarios que contempla esta normativa e atendendo unicamente aos seguintes supostos:
 - Incompatibilidade horaria coa docencia no propio centro, ou noutro centro.
 - Outras causas debidamente xustificadas.
3. A equipa decanal revisará as alegacións emitidas e convocará unha reunión por cada curso académico, cos coordinadores respectivos, coa finalidade de incorporar as alegacións e as propostas para a asignación de horas específicas para a realización de actividades docentes (prácticas, titorías obrigatorias e/ou actividades de avaliación), que sexan debidamente xustificadas, acordadas e coherentes con esta normativa e cos criterios aprobados.

4. Realizarase unha reunión da Xunta de Facultade para a avaliación das propostas que resulten das reunións previas por curso e aprobación definitiva dos horarios de docencia do curso académico correspondente.
5. Unha vez fixados os horarios definitivos non será posible á súa modificación excepto causas debidamente xustificadas, e suxeito á aprobación da Comisión Permanente ou Xunta de Facultade.

Directrices para a elaboración dos horarios:

A elaboración dos horarios se realizará tendo en conta as seguintes prioridades:

1. Garantir a **calidade** da docencia do alumnado.
2. Que se cubra a totalidade de impartición de **créditos teóricos e prácticos** por cuatrimestre.
3. O período de docencia decorrerá preferentemente en **franja matinal** entre as 9:00 e as 14:00 h, de luns a venres, en sesións dunha hora, sempre que a ocupación de espazos e a compatibilidade horaria do profesorado o permitan.
4. É recomendable que a docencia se asigne en diferentes bloques de **duración non superior a dúas horas teóricas**.
5. Procurarase que non queden “horas libres” no transcurso dos horarios dos diferentes grupos.
6. Solo as prácticas, as sesións de avaliación ou titorías que precisen horarios extraordinarios, poderán acumular horas e remitirse a outras franxas horarias nos días libres ou pola tarde, agás nos supostos referidos.
7. A prioridade na selección das horas de docencia se establecerá en función de:
 - a. A carga docente.
 - b. A compatibilidade de horarios fóra do centro (asociados, interinos de substitución, etc.)
 - c. As necesidades dos profesores que ocupen cargos de xestión.